

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIOAMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NO CAMPUS DE PONTEVEDRA: EDIFICIO DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA, FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN, FACULTADE DE BELAS ARTES, ENXEÑARÍA FORESTAL, FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE, PAVILLÓN POLIDEPORTIVO, CASA DAS CAMPAS E ESCOLA INFANTIL

Expediente número 315/19 – Lote 3

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Con data 13 de marzo de 2020 formalizouse un contrato administrativo coa mercantil BRÓCOLI, S.L., para executar a prestación do SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIOAMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NO CAMPUS DE PONTEVEDRA: EDIFICIO DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA, FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN, FACULTADE DE BELAS ARTES, ENXEÑARÍA FORESTAL, FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE, PAVILLÓN POLIDEPORTIVO, CASA DAS CAMPAS E ESCOLA INFANTIL. O prezo do contrato é de 695.377,12 euros (IVE a soportar de 146.029,20 euros). O importe do contrato ratearase en doce mensualidades. O prazo de execución do contrato é dun ano a partir do día 1 de abril de 2020, prorrogable por períodos anuais ata un máximo de cinco anos. Con fecha 22 de setembro de 2023 asinouse unha nova prórroga que abrangue dende o día 1 de abril de 2024 ata o 31 de marzo de 2025.

SEGUNDO: Con data 23 de novembro de 2023 aprobouse a modificación do contrato administrativo para incorporar ao mesmo a limpeza do edificio da Xunta situado na rúa Benito Corbal, por un importe mensual de 1.448 euros sen IVE, importe mensual de 1.753,05 IVA engadido, nas mesmas condicións técnicas previstas no expediente de contratación número 315/19 lote 3. O importe do contrato incrementouse na cantidade de 17.385,60 euros anuais sen IVE, tendo en conta as condicións da oferta presentada pola empresa adxudicataria na licitación do expediente de contratación, e que se reflicten no anexo C-I: "IMPORTE OFERTA ECONÓMICA (IVA excluído): 18,11 euros/hora".

TERCEIRO: Con data 13 de setembro de 2023 a Administradora do Campus de Pontevedra, María Elena Vázquez Losada, emitiu o seguinte informe en relación coa necesidade dunha segunda modificación ao citado contrato e a razón de interese público que a motiva:

"Con data 04/03/2020 formalizouse un contrato administrativo coa empresa Brocoli.sl (CIF B29778651) para executar e prestar o servizo de limpeza respetuosa co medio ambiente e coa seguridade e a saúde laboral e diferentes centros da Universidade de Vigo, como adxudicataria do lote 3 do Exp.315/19 "Campus de Pontevedra".

Segundo o establecido no prego de prescricións técnicas do Exp.315/19.Lote3 os edificios incluídos serían: Edificio Facultade Fisioterapia, Facultade de Comunicación, Facultade Belas Artes, E.U Forestales, Facultade Ciencias da Educación e do Deporte, Pavillón Polideportivo, Casa das Campas e Escola Infantil.

A Universidade de Vigo conta con tres plantas no Edificio da Xunta situada na rúa Benito Corbal. A facultade de Deseño creada por Decreto 133/2022 do 7 de xullo comeza a impartir docencia no curso académico 2023-2024, nas plantas 6ª e 7ª de dito edificio que non está incluído no Exp.315/19. Cada planta conta cunha superficie total de 396,39 metros cadrados distribuídos segundo se aprecia nos planos que se achegan.

Atendendo e extensión das plantas e a distribución das mesmas e necesario para efectuar a limpeza de 160 h/mes distribuídas de luns-venres (excepto festivos).

A vista do exposto, solicítase a incorporación da limpeza das plantas 6ª e 7ª do Edificio de Benito Corbal no contrato xeral de limpeza do Campus do que actualmente se está facendo cargo a empresa BROCOLI,S.L.



CUARTO: Os artigos 191 e 207 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), o artigo 102 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos pola Universidade de Vigo regulan o procedemento de modificación dos contratos. O artigo 207 do LCSP dispón o que segue:

“Antes de proceder á modificación do contrato conforme o disposto no artigo 205, deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes preparáronse por un terceiro alieo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

3. Os órganos de contratación que modifiquen un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no «Diario Oficial da Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme ao establecido nesta Lei. Así mesmo os órganos de contratación que houberen modificado un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, no seu caso, solicitáronse con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación”.

QUINTO: O artigo 109.3 da LCSP dispón que: *“Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación”.*

SEXTO: O artigo 205 da LCSP prevé as **modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares**.

“1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior, só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

*2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, a condición de que esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes: (...) c) **Cando as modificacións non sexan substanciais.** Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes: (i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou **dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos**, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.*

SÉPTIMO: Ademais, o apartado 2 c) do artigo 205 da LCSP esixe, para considerar que a modificación non sexa considerada como substancial, que non concorran nin unha nin varias das circunstancias que o propio apartado describe como substanciais:

“1.º Que a modificación introduza condicións que, de figuraren no procedemento de contratación inicial, terían permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente, ou terían atraído máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso, considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se



pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, de ser o caso, se exixiu no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso, considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso, considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, o 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, se se trata do contrato de obras, ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 ao 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación se encontren dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación."

Pois ben, á vista do informe presentado pola Administradora do Campus, xustifícanse igualmente as anteriores circunstancias:

- Non se introducen condicións que, de figuraren no procedemento de contratación inicial, terían permitido unha maior ou distinta concorrência, posto que a modificación só atinxe á incorporación da limpeza dun espazo reducido na rúa Benito Corbal e cuxo importe e tan reducido que non require unha clasificación diferente da empresa.
- A modificación non amplía de forma importante o ámbito do contrato posto que o seu porcentaxe de modificación é dun 5,00%.
- O servizo obxecto de modificación non se atopa dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro. A causa obxectiva que fai necesaria esta modificación incardínase dentro do obxecto do contrato, e no lote do expediente administrativo que está relacionado co Campus onde están situadas as instalacións que se integran.

OITAVO: O importe do contrato incrementarase na cantidade de 34.771,20 euros anuais sen IVE, tendo en conta as condicións da oferta presentada pola empresa adxudicataria na licitación do expediente de contratación, e que se reflicten no anexo C-I: "IMPORTE OFERTA ECONÓMICA (IVA excluído): 18,11 euros/hora". Na seguinte táboa móstranse os cálculos:

EXPEDIENTE 315/19 Lote 3	
Prezo inicial anual do contrato sen IVE	695.377,12
Oferta prezo hora IVE excluído	18,11
Número de horas mensuais edificio Benito Corbal	160,00
Importe mensual da modificación do edificio Benito Corbal (sen IVE)	2.897,60
Importe anual da modificación do edificio Benito Corbal (sen IVE)	34.771,20
PORCENTAXE DA MODIFICACIÓN NON PREVISTA	5,00%

Vistos os antecedentes administrativos, cumpridos os requisitos procedimentais regulados nos artigos 102, 191 e 207 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o artigo 102 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos pola Universidade de Vigo, este órgano de contratación, unha vez efectuada a reserva de crédito con cargo aos exercicios 2023, 2024 e 2025, na partida orzamentaria 0000 311V 22700, por un importe de 63.109,80 euros IVE engadido, acorda ditar a seguinte,



RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Autorizar a modificación do contrato correspondente ao SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIOAMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NO CAMPUS DE PONTEVEDRA: EDIFICIO DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA, FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN, FACULTADE DE BELAS ARTES, ENXEÑARÍA FORESTAL, FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE, PAVILLÓN POLIDEPORTIVO, CASA DAS CAMPAS E ESCOLA INFANTIL (expediente 315/19 lote 3) para incorporar ao mesmo a limpeza das plantas sexta e sétima do edificio da Xunta situado na rúa Benito Corbal, por un importe mensual de 2.897,60 euros sen IVE, importe mensual de 3.506,10 IVA engadido, para atender as necesidades correspondentes aos exercicios orzamentarios de 2023, 2024 e 2025, nas mesmas condicións técnicas e administrativas previstas no expediente de contratación, e tendo en conta que estas variacións son as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que fai necesaria esta modificación.

SEGUNDO: Outorgar un prazo de quince días contados dende a data en que se notifique á mercantil o acordo de modificación do contrato para constituír a disposición da Universidade de Vigo unha garantía definitiva del 5% del importe de la modificación (2.607,84 euros) que se consignará na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e presentar o resgardo acreditativo no servizo de xestión económica e contratación da Universidade de Vigo.

TERCEIRO: Esta modificación do contrato administrativo surtirá efectos dende o día 1 de abril de 2023.

Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderán os interesados interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso –administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao do recibo da notificación da mesma. Non obstante os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución, recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte a súa notificación, ante o mesmo órgano que a ditou, e neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso –administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado electronicamente
O REITOR
Por delegación
RR 22/06/22 - DOG 06/07/22
A XERENTA
Yolanda T. Lesmes Romero

